

A NOVA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, ó mes, 40 cts.

Coste d'un número 10 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.

América, id. 2 »


Pagos adelantados

Redacción e Administración: REGO D' AUGA, 38, 1.º

Número 45

A CRUÑA 10 DE FEBREIRO DE 1918

FIDUCIAS DO CACIQUISMO. por Castelao



FERREB - CRUÑA

— Eisi te queren vere sempre, Galicia!

O aniversario de Costa

POUCOS son os anos transcurridos dende a desaparición de Xaquín Costa e, sin embargo, a súa lembranza somella habérese borrado, ou pouco menos, da memoria das xentes. Nada importa qu'os gran aragonés s'houbese desvivido por despertar a aletargada concenza nazonal cò trallazo d'os seus trenos iracundos e coa tonante vibración d'os seus anatemas abraiantes cal páxinas apocalípticas. Todo sigue igual, e os insiños do mestre glorioso ou ficaron relegados á un lugar secundario ou veñen sendo ouxeto de vil prostitución pol-os mercaderes de todol-os ideais, qu'en eles ollan e siguen ollando tapadeira pra ocultar a podre da súa mercadería noxenta.

Nosoutros pensamos con Carlyle que non abonda con que apareza o héroe sinón qu'ademais, é preciso un mundo disposto á recibilo como corresponde; un mundo que non s'hache formado de serviles e de domésticos. E iste é precisamente o caso de Costa. O «león de Graus» foi soio, vivéu soio. As súas predicas contundentes non tiveron acollida, non podían tere acollida. Soaban no ambiente hispánico á cousa rara e istrana. D'elas pode decirse que foron algo eisi com'ô estoupe d'unha bomba qu'axita unhos momentos as capas atmosféricas pra que logo fiquen de novo quedas e sin axitazón.

Costa desatendido en vida, aldraxado, considerado como toló pol-os seus compatriotas, sigue sendo aínda ouxeto d'escarnio nos labres d'os oligarcas e d'os seus criados que, sin enxerguelo, terxiversaron as súas doutrinas alterandoas, corrompéndolas e esgrimíndolas como escudo pra defensa d'eiscrabres cobizas e ambiciós. Todol-os anos,

na data da súa morte, derriba das páxinas dos xornales que mais en oposición están coas doutrinas costistas, vértense abundosas bágoas de cocodrilo, habendo ocasiós en qu'algún miserabre—iste ano sucedéu n'un xornal cruñés—aproveita o nome sagro do gran Costa pra ceibar unha insidia cobarde derriba d'os que, precisamente, se dispoñen a pôr en práctica a enseñanza do mestre, despois de tere sido feles gardadores d'elas.

De resucitar hoxe Costa os trenos ardentés da súa cólera vibrarían unha vez mais, e as hercúleas mans do xigante farían anacos a súa obra ô ver como ista foi aproveitada e alteirada pol-as xentes d'aqueles partidos políticos, verdadeiras gavillas de ladróns, d'os qu'él decía qu'eran «fauciós, bandeirás ou parcialidades do carácter marcadamente persoal, caricaturas de partidos formadas mecánicamente, á somellanza d'aqueles outras que constitúanse na Edade Meia e na corte d'os reises ausolutos, sin mais fin qu'ô conqumramento do mando», «meras agrupaciós inorgánicas, sin esprito, sin programa, sin iso que lles donaba a faciana de cousa moderna i europeia.»

Ises pseudo-demócratas que nos mítins berran contra o emprego do galego pedindo, en troques, o emprego do castelán, amostan ben ás craras a carencia ausoluta de sentimentos democráticos, pois os seus berros veñen á sere com'unha negazón rotunda que se opón ao dereito qu'a eispresárese teñen as cinco sextas partes do noso pobo qu'en galego, e non en castelán, falan de cote.

ANACOS DE PAROLA

OLLANDO AOS FEITOS

A O tempo qu'os días da loita eleitoral váanse achegando, os caciques, por mediación dos seus órgaos na prensa e por obra dos seus feitos noxentos, vánsenos amostando cada vez con mais craridade. Os tapuxos con que até o d'agora souperon disfrazárense van desaparecendo a medida qu'ô día 24 s'hacha mais preto. Todol-os meios e todol-os procedimentos son empregados pra estorbar a propaganda que dos seus ideais fan os sementadores do rexionalismo. E de mais estaría decir que tales meios e tales procedimentos son, como non podía sere menos tratándose dos labercos de que se trata, os mais baixos e noxentos que pódense empregar.

Non hai en tod'â labore dos antirrexionalistas nada que teña o menor recendo a réplica cortés, a enfrontazón de ideal con ideal, a contraste de programa con programa. Nada. Mais elo non é eistrano, sinón moi natural. Todo programa político háchase integrado por ideais, e istas ideais qu'ô integran non son algo intuitivo sinón que, pol-o contrario, repersentan a concusión outida despois da ouservazón direita da realidade, unha vez que se fixo o estudo detido d'ista mesma realidade. E sendo isto eisi, e non habéndose posto en conta to co-a realidade galega pra auscultala, pra recollere d'ela aquilo que era mais axiña faitibre, nada mais qu'os militantes nas fias

do rexionalismo, craro é que soio eles, e nada mais qu'eles, poden faguere ostentazón d'un programa e d'unha bandeira. Por iso na autuazón dos propagandistas d'un e d'outro campo vense ouservando o caso eistrano de qu'os do noso campo, os rexionalistas, van dirixidos de cote ô pobo mesmo sin qu'endexamáis necesiten intermediarios, pois en calidade de tal xa levan o seu programa; entramentras qu'os outros, os do vasto campo da caciqueiría, carecendo de ideais qu'espôr, válense de mediadores, e istos mediadores son os que, chamándose alcaldes, segredarios, xueces municipais ou d'outro xeito calquera que recenda a distinción dentro do ambiente rural, levan trais sí os fatos d'homes engriloados pol-os trabucos e as rendas pra amostralos ô cacique, ô amo, como entusiastas fervorosos da súa candidatura e por ende como votantes decididos do seu partido. I-eisi é todo, e d'iste xeito é como a nosa terra poderá aparecer unha vez mais, despois das eleiciós, xunguida ô carro renqueante, desvencixado e podre dos vellos partidos.

Fálase de renovazón, de procedimentos novos, de desbotamento de total-as antigas e desacreditadas artimañas, e sin embargo—forza é confesalo—eiquí en Galicia ninguén diría qu'un goberno sin orientazón partidista determinada rixe os nosos destinos. Pol-o contrario, calquera, sin un esforzo grande de imaxinazón, puidera supôrse nos felices días en qu'un Sanchez Guerra ou un Alha amañaban, dende o ministerio da fatídica Porta do Sol, o espallamento de representantes en Cortes. Os vellos tinglados siguen en pe, i-entramentras eles non se derrumben as cousas terán de variare moi pouco.

Sendo o do rexionalismo un programa e unha bandeira, e acochándose baixo isa bandeira ideais redentores, istos ideais non se perderán, inda que pol-o momento non abrangan o trunfo. En eles como en todo ideal san e puro hai unha benficioosa semente, i-esta semente, termado d'ela, sin esquencela nunca, terá de desrollárese chegando a algo grande cò que o xerme primitivo non gardará semellanza algunha. Eisi, d'iste xeito, sucederá còs ideais redentores do rexionalismo nos qu'hai semente de redención e de liberdade, semente que ten de desrollárese e de chegare ô seu com-preto desarrollo, máisime si se ten en conta que son a única cousa viva, latexante, qu'oxe s'ergue na nosa terra como unha afirmazón prena de vitalidade frente a negazón repersentada pol-os persoalismos en que se afincan os vellos partidos históricos d'etica dubidosa e fallos d'idealidade.

XAN QUINTO.

DE MIN PRA VOS

AXUDA Á TEMPO

A señora Marcela a Currubeda, dona d'unha moi nomeada taberna aló pol-o Val d'Ouro, tiña sonda de sere unha honrada e santa muller que denantes pindurábase d'unha viga pol-o pescozo, qu'a foubábase a lle quitar a un somellante o que do somellante era.

Reita e xusticieira, amiga de lle dare ó Cesar o qu'é do Cesar levando o tal conceito até o eistremo derradeiro, non houbía tratante que por alí fora que non fixera depósito dos seus cartos na casa d'ela, con tanta ou mais seguridade que no mesmo Banco d'España.

* * *

Endexamáis fallóu un Xudas, e ela chegoúno á tere. Un Xudas apócrifo mais careiro qu'o auténtico qu'a pouco lle custa dous mil reás.

Chegaron tres tratantes que choiaban nas feiras en sociedade, e dempois de xantare e pagarll'o gasto acordaron faguerlle entrega d'un billete de dous mil reás, billete do que non faría entrega á ningún d'eles por soparado, sinon estando os tres xuntos. Asinteu a señora Marcela, gardóu o billete, e os tratantes marcháronse pr'á feira en atopo d'un bon choio.

A pouco de ll'houber feito a entrega, persentóuselle un dos tratantes á lle pedire cartos. A señora Marcela tendo persente o que ll'advertiran, negóuse á entregal os.

—Non seia parva, señora—decíalle o tratante—, ¿non vé vostede qu'os compañeiros fican termando de que non se perda o choio e vaia a parare ás mans d'outros?

—Ficarán, hom, ficarán, mais o trato é trato, e mentras os tres non veñan á mos pediren, non dóu o billete—repúxoll'a taberneira.

—Pois fainos un mal que non coida.

—Non dóu, non. ¡Abofé com'os non dóul...

—Comprenda o mal que nos fai. Mire, pra que vexa qu'a non engano, veña conmigo.

—¿Vostede tolea?

—¿Que faguemos d'aquela? Os cartos fannos falla...

—E vostede amolaramer?

—¡Qu'hei d'amolare! Xúrolle pol-as cinzas de...

—¡Non xure por Deus qu'é cousa que non m'agrada!

—Pois deme os cartos.

—¡Pocha!... Lémbrese do que m'advertiron.

—Lembro, mais persentóusenos iste caso e ten que sere eisi.

—Terá; vostedes os tratantes son moi cucos i eu non me fio.

—Pódese fiare. Ademais xa lle digo, veña conmigo e convenceráse.

E convencéuse. Doullo billete, e foise á despachar unha nena que pedía con insistenza medio neto de aceite.

* * *

Non pasara moito tempo da entrega dos cartos, cando chegaron á taberna os outros dous tratantes perguntando pol-o compañeiro.

A pregunta aquela feita á secas com'ó qu'agarda a confirmazón d'unha disgracia. deixóuna mais fria que ficóu Picorete cand'ós rapaces d'*El Noroeste* acrararon e desfixéronlle a combinazón que tiña en Ortigueira pra saír diputado pol-o artigo vintê-nove.

—Estivo eiquí, e oxalá non estivera—contestóulles toda tremorosa a taberneira.

—¿Será realidade o qu'en nós era dúbida?—interrogóulle un d'eles.

—Si dubidan de que víu pol-os cartos, é realidade.

—¿E llos dóu?

—Din—afirmóu salaiando aquela probe muller.

—¡Dou non nos dera á vosté por confiada e a nós por parvos!

—Ben loitéi conmigo mesma por non llos dare, mais o ladrón, ¡convencéume!...

—Non nos convencería á nós, que ben o conecemos—eiscramóu o outro tirando pol-os pelos—. ¡Por algo lle dixemos que sin vir os tres!...

—Dixeron, señor, dixeron. ¡Burrá de miu!

—Pois non se desespere; é unha burrada que lle costará dous mil reás.

—E pouco é, si co-ista adeprende—afirmóu o outro.

—Abofé falan en serio?

—Non qu'os imos á perdere nós.

—¡Ai que condanado d'home no brete en que me puxo!—choriqueóu a señora Marcela—. ¡Malos demos o coman e ainda mala doenza enriba lle veña e tanto enfraqueza, que do groso do papel se vexa!

—Pois nós en dándonos os cartos... ¡cúm-prase sua vountade!

—¡Amén!—sermoneóu o compañeiro.

—I eu como lles hei de dare o que non teño?

—Si os non ten, búsqeos.

—¡Tivera onde!

—A xusticia llo dirá.

—E Deus a bendiza si tal fai.

—Pois aló imos.

E aló foron. Fixeron a denuncia do que

pasara, e a probe da taberneira ô remate da sua vellés, véuse choida entr'as mallas da xusticia á que tanto teméu sempre.

* * *

Foi tal a medrana que lle meteron no corpo á taberneira aqueles condanados tratantes, que fixéronlle perdel-o sono, a gana de comere, e a costume de se sonare cô pano de cinco puntas. Ten cisprica: mercara un pano de lenzo pra enxoital-as fazulas das bágoas, e servíalle pr'ás dúas cousas.

Fallaban dous días pr'á celebrazón do xuízo e á probe muller dáballo quentura. Visitara ós mais entendidos do pobo n'aquelles bretes, e todos istaban d'acordo en que non lle ficaba outro remedio que pagare.

Mais cátrate que na vispora deixóuse caer pol-a sua taberna Pepiño o Recurseiro, nome con qu'o bautizaran na parroquia por atopare romedio pra todo, e ô vere tan tristeira á taberneira perguntóulle o que tiña e aquela púxô en conecimento da trapallada en qu'a meteran os tratantes.

—O caso é grave—sonsoneóu Pepiño botando ô sombreiro pr'atrás—. ¡Inda perda os cordóns dos zocos e cáime pol-o camiño, si cousa mais enredada vin pra saír adiantel... Eisi e todo... ¡poida que poida!...

—E tí, ves saída?

—Por unha porta qu'está pechada. Procurarei despechal-a.

—¡Ai si a despecharas!

—Cousas peores vin... Vostede mañán ponse doente, i eu irei ô xuízo no seu lugar. ¿Convén?

—O qu'ordenes.

—Pois déixeme á min, e deicâ mañán.

E falando e faguendo, erguéuse e foise. A taberneira ô vel-o marchare con tanto arrouto, inda non créndo en tanto ben xunto, parecélle vere un deble raio de fiducia n-aquel vivente pozo de recursos.

* * *

Pepiño persentóuse no xuízo como ll'ofrecera á taberneira a cando os dous tratantes, co-un certificado médico d'estare aquela doente e unha autorizazón pra repersental-a. Comenzóu o xuízo. Pergunta d'acó e pregunta d'aló, i eiquí apreta e alí afloxa, o repersentante da taberneira dábaos todo por ben feito, e termiñóu por dicire qu'a sua repersentada pagaría os dous mil reás.

—Pois faga entrega, i eiquí non pasóu nada—díxoll'o xués.

—¡Ai iso, á modiño! Dend'o momento qu'estóu conforme cô trato entr'eles de qu'ela faltóu a il por donal-os cartos sin estare os tres diante, non primitirá vostede qu'eu falle tamen agora non houbendo mais que dous. Os cartos téñós eu... Si veñen os tres, son d'eles; sinón... ¡non!... ¡O trato é trato, caracho!...

RICARDO CARBALLAL.

VERBES E CONSIDERACIÓNS

OLLANDO a proximidade da loita electoral son moitas as xentes temerosas de que, unha soada derrota, acompañe ás forzas rexionalistas na su primeira xornada. E istas xentes medrosas—medrosas e inxénuas—con un criterio eistremadamente simplista, supoñen qu'as consecuencias da temida derrota poderían sere fatales pr'á causa da redenzón galega. Dende logo, si ben se olla, os temores d'istas xentes responden a influencias decisivas de ambiente e d'educación. O temor, en todo caso, non fai sinón responder o influxo psíquico producido pol-a lembranza de determinados antecedentes, coautores d'isa depresión moral que se chama medo, e nos que, por un fenómeno d'espexismo, crêse ollar pol-o medroso certa relación cō que agora, adiantadamente, deprimeo e acóroa. Mais nada hai no caso persente que supoña algo a maneira de precaución—perdoémos a verbe—similar. A acción rexionalista actual é única. Circunstancias dos tempos fixeron qu'eisí sexa. E sendo ista acción única dito está que tratare de sometela a comparazóns con movementos, cicais d'un modo lonxano, similares, resulta ilóxico. Pra comparare é perciso qu'antre os termos da comparanza haxa paridade, analoxía, e, no caso de que falamos, dito queda que non-a hai. Agora ben, non gardando o noso movemento rexionalista d'oxe semellanza con ningún outro dos movementos galegos anteriores, en maneira algunha pode agardarse qu'as causas que determinaron o fracaso d'istes, teñan influencia algunha no actual. O que pra unhos movementos foi decisivo pra iste non poderá ter significazón algunha, como non sexa a d'un simpre episodio dos moitos que nos agardan na xornada.

Nada ten de particulare qu'o fracaso acompañase a todol-os intentos de renovazón galega habidos até agora. N-eles faltaba algo

~~~~~

Todos estamos d'acordo en qu'os vellos partidos de turno—liberaes e conservadores—foron os causantes dos nosos males, dos desastres que de cote magoaron á España pñdoa á beira do precipicio; e con todo, ainda estando convencidos d'isto, moitos serán os que, por consideirazós d'amistade ou d'outro xeito calquera, farán mercede do seu sufraxio ós repersentantes d'as noxentas oligarquías, votando eisí pol-a continuación d'un estado de cousas qu'eles mesmos á total-as horas codenan.

qu'é esencial porque é espiritualidade y-é alma. Poderíamos decire qu'isos intentos renovadores e redentores eran a modo d'unha armadura espréndida, pro valeira. D'eles hachábase ausente a forza de cohesión qu'aglutina e xunta ós elementos mais dispares, faguendo d'eles un bloque inaltable a todol-os contratempos e a todol-os tropezos. Faltaba n-eles a percepción crara e contundente de cal é a verdadeira patria, a patria única, que ten como suprema modalidade do seu espírito, como esteriorización da sua alma a língua galega, ergueita como bandeira ó escomenzar a loita. A falta d'ista percepción foi a causa dos fracasos. Mais oxe as cousas variaron totalmente. Trunfantes ou derrotados, con representantes propios ou sin eles, todos os que forman nas fias galeguistas, como cidadáns conscentes d'unha patria viva e latexante, seguirán unidos no traballo de redenzón sabedores de que, namentras todo pasa, soio a patria queda.

A labor galeguizadora, de recobro da nosa persoalidade proseguirá de cote. Nada servirá pra impedilo, e menos que nada o cativoiro con tempo d'unhos fracasos eleutorales. Crêr o contrario—como crên os adeversarios—sería pensar qu'o galeguismo era un partido mais sin idealidade algunha e sin outra cobiza qu'a do disfrute das sinecuras qu'o mando, tal como até agora s'exercéu, trae consigo. E o galeguismo non é bandeira, como non é partidismo. O galeguismo é a fusión estreita de todol-os que comulgan na santa aspirazón d'ollar á patria galega colocada na xuntanza libre de pobos libres e donos de si mesmos. Por consiguiente o galeguismo non finará endexamais e loitará sempre por abranguer tan outo fin.

Nosoutros crêmos que na oposición é como se forman os partidos. Todo o que sexa loita significa desarrollo d'enerxías, acumulación d'aitividade e isto, que por si soio é un gran ben, unicamente cando se combate pode atopárese. Ademais, a loita é a gran forxa onde se templan as almas e se forman as rexas individualidades, antes do combate anónimas. Ela é a gran peneira pra separar a palla do grau. Por outra parte, loitar é ensaiar, y-é indubidable qu'un pobo amostra sempre correspondenza antre a sua vitalidade potencial e os intentos d'ensaio que n-el se faigan. Capacidade pra ensaiar quer decire poder vital, e con Ortega Gasset—o mestre que nos suxereu istas consideiracións—crêmos que n un pobo mais grave qu'o moito fracasar é o pouco ensaiar.

RAMÓN VILLAR PONTE.

## O que precisa a nosa juventude

OJE os homes novos que podían ser unha esperanza háchanse nas mais das veces n'un triste estado. Os uns atópanse sumidos n'un groseiro materialismo, estan sō pra aquilo que eles chaman práctico. Os outros encóntranse domiados por un *neurotismo* egoista entre rayolas de lua Colombines e Pierrots! Eu sinto pena, eu sinto un dôr fondo ante o espectáculo da nosa mocidade!

Pra regenerare as novas generazóns deben encherse de idealismo, de romanticismo, de entusiasmo pol-as grandes cuestións humanas. Non quero eu un idealismo tolo como o de Don Quixote quero eu un idealismo práctico de vida. Este exige que n'as cousas mais pequenas da nosa existencia penetre a idea e as aloumiñe.

Un exemplo d'este idealismo vol-o ofrece o zapateiro-poeta Santiagués, un grande representante da nosa raza que facendo zapatos n'un modesto taller compostelán creaba un dos dramas millores d'España. Na sua alma iban surgindo, mentres realizaba o seu traballo de humilde artista, verbes que traducían todas as arelas da nosa raza.

Cando a nosa juventude seja romántica, idealista, volverá a ser galega porqu'o romanticismo e o idealismo é esencial á nosa raza. Nós fumos os grandes soñadores d'España, nós ainda na decadencia da Edademeia produxemos tipos como Macías de Padrón cuya morte romántica chorou o Marqués de Santillana.

N'este esforzo pol-a sua regenerazón que eu pido a nosa juventude nada lle pode ser tan proveitoso como a lectura d'os verdadeiros poetas galegos, e non sō dos modernos senon tamen dos medioevaes, d'aquelles trovadores da nosa idade de ouro. Fáganme caso: queren os jóvenes ser grandes, queren ser prácticos, queren ser felices? Enchanse, fártense de poesía!

Juventude galega, non teñas vergoña de sentir, de chorar as grandes coitas da raza, da patria e dos homes, non renegues d'elas. Juventude galega faite idealista romántica, poetízate. O mundo será teu!

JOHAN VIQUEIRA.

~~~~~

As fources non deben empregarse nunca mais qu'en segar mieses; mais é perciso qu'os qu'as manexan seipan tamen que sirven pra segar outras cousas, si ademais de segadores queren sere cidadáns.

XAQUÍN COSTA.

~~~~~

## RAPAZ NOVO, PARA I-ESCOITA...

PENSA un anaco na tua condizón de cibdadán galego; pensa que a Patrea escravizada pol-a barbarie d'un centralismo noxento, ten dereito a eisixire teu sacrificio e axuda; pensa na inutilidade da tua vida de señorito vilego, gastada en mullereiras paroleras de Club.

Si en elo pensas, e non tes ainda capada a i-alma, veraste alumeado por unha santa rebeldía; sentirás unha dórosa xenreira contr'as xeneracións pretéritas, que legáronche a Galicia co-a sua persoalidade esvaída; co-a fala esquecida ou misturada; o nome sagro de galego coma aldraxe é algús fillos que fai tanto tempo que deixaron de ser homes e agora teñen com'a honor seren escravos.

Pensa tamén, que si non prestas tua axuda, cando, no non lonxano porvir, as nazionalidades ibéricas haxan recobrado a sua persoalidade, si non loitache pol-a redenzón galega, os galegos videiros, chamarante cobarde é ceibarán, xustamente, sobor de tí, as mais feras maldicións, porque en troques d'unha Galicia grande deixache en herdo unha Galicia escrava n'un concerto de pobos ceibes. ¿Ou, non tes medo á maldición dos teus fillos?

Non te fixes na tua falla de sabidencia; pra salvar a Galicia non abonda con homes de cencia; percísanse homes de vountade. No teu caso atopámonos moitos: illados, non temos valor; xuntos, temos a inmensa forza que dá a unión e a fe nos ideaes.

Si vés a nós, non agardes loureiros nin gabanzas, porque enxerguemos que non os merece quen cumpre un deber. Non terás a pobre satisfaiçón da vanidade que se pecha en bombos, xornaleiros: mais, terás a outa satisfaiçón do espírito, de poder decire que co teu gran de area axudache a formare a pedra fundamental da persoalidade galega.

Galego mozo, si eres home, ven a nós.

F. A.

O home qu'un ano e outro olla qu'ou engañan, qu'abusan d'él e dos seus intreses e que, en por iso, dona o seu voto a quen sabe que ten de seguire abusando d'a forza qu'aquel voto e outros como aquél lle donan, non tèn dereito a laiarse dos males que enriba d'él veñan; él mesmo fabrica, co-a sua deixadez e co-a sua inconscenza, o poder que tèn d'asoballalo e, sin donarse conta, forxa os eslabóns d'a cadea qu'ou suxeta á vountade do amo, do cacique.

Non se pode falar dignamente de liberdade, democracia e amor ô pobo, cando, persentándose a ocasión propicia pra darlle a batalla ô caciquismo, escúrrese o bulto co-a valeira escusa do dereitismo ou do esquerdismo.

A ninguén, vendo a sua casa e às suas xentes asoballadas por un fato de ladróns, se lle ocurriría endexamáis perguntar, aos que xenerosamente viñesen á axudarlle, de que banda eran: si da dereita ou da esquerda; abondaríalle saber, pr'á sua satisfaiçón, que contaba con unha axuda.

Nós, que coidabamos isto lóxico, decátamonos fai poucos días d'a nosa trabucazón. ¡Ouh as viceversas d'a comenenza!

## Un programa eleitoral exemprar

UNHA proba palpabre do xeito europeio qu'os candidatos rexionalistas saben donarlle á sua porpaganda—única porpaganda feita de cote en contauto có pobo qu'é o verdadeiro, ou pol-o menos debía selo, otorgador das autas—é o ademirabre manifesto en que fai a eisposizón do seu programa parlamentario pr'ô caso de sere elexido diputado, o noso querido irmán, un dos prestixios mais outos da causa, Lois Porteiro Garea candidato por Celanova.

Trata o manifesto en custión de todo o qu'afeuta ós intreses xeneraes de Galicia, e craro é qu'istos intreses xeneraes, tal como aparecen no manifesto, veñen á sere algo eisí com'un índice de aqueles programas qu'as Asambreias agrarias de Monforte e Ribadavia pranearon, tendo ô noso Rodrigo Sanz como guía. No manifesto de que vimos falando, verdadeiro modelo de concisión y-exempro de senso prático, son tamén recollidos os puntos capitales da Asambreia de Parlamentarios en todo aquilo que fai relación á autonomía rexional e às relacións da rexión cô Estado.

Derradeiramente, e como remate digno d'unhas concrusiós tan compretas como son as que o nomeado manifesto abarca, d'el reproducimos o seguinte párrafo: «O candidato rexionalista comprométese a visitar o distrito antes de saire, cada vez que s'abran as Cortes, pra Madrid, formándose pol-as federaciós agrarias e por todol-os veciños, calquera que sexa a sua ideia política, en Asambreia que se celebrará en Celanova, o programa de pretensiós locais de carauter coeutivo que ten de defendere; e ô pechárese o Parlamento virá á Celanova á dar conta en Asambreia pública da sua xes-

tión.» ¿Pode darse algo mais democrático qu'isto?

De sere o noso un país onde o civismo e o cumprimento dos deberes cibdadáns non fosen algo eisótico ou pouco menos, abondaría sômente o conocimento do dito manifesto pra qu'os pobos voltasen as espaldas ôs labercos qu'agora tratan de rebersentellos—aludimos ós candidatos liberaes e conservadores—e chamasen pra donarlles a sua rebersentazón a homes como Lois Porteiro saídos d'unha xuntanza, a rexionalista, que tales persoalidades ten ô seu frente.

## Folleando papés

ESCOMENZOU a publicárese en Villalba un boletín mensual, nomeado *A Xusticia*, que sal á luz pública pra sere o órgao do «Comité rexionalista» e da «Irmandade da Fala» d'aquela vila. Todo él háchase esquirto na nosa língua, e a sua leutura é variada e abundosa. Como artigo de persentazón amostra o programa qu'aquel enxebre e baril comité levará como bandeira nas suas loitas.

Reciba o colega o noso mais agarimoso saúdo e con él unha aperta d'irmans no outo amor á nosa nai Galicia.

\* \* \*

O moi soado xornal lugués *La Idea Moderna*, como de cote aberto a toda orientación nova, inaugurou nas suas columnas unha seición nomeada «Páxina nazionalista», seición qu'estará a cárrego do xoven e distinto esquirtor, querido correlixionario noso, E. Correa Calderón.

Na dita seición publicaránse artigos políticos, poesías, contos, traduciós, etc. N-ela o linguaxe empregado será, de cote, o galego, porque, como dí moi acertadamente o xornal lugués ô faguer a eisposizón do que a Páxina nazionalista vai a sere, «non se pode facer nazionalismo si iste non é en galego.»

Ista decisión do estimado xornal lugués, por nós apreciada en todo o que ten de valía e significazón, encheunos de ledicia fonda, pois tal decisión amostra ben às craras o forte e rexo galeguismo dos que fan *La Idea Moderna*.

Hai que decatarse ben de que votare a nn liberal ou a un conservador é votare pol-a continuazón d'a orxía e d'a francachela qu'até o d'agora viñeron sostêndo os vellos partidos turnantes cô seu disfruite do Poder.

## FITANDO AO MAR

## Xa qu' os tempos chegan

**P**ÉRDESE xa na noite d'os sonos, cando os mariñeiros e pescadores, tiñan unhas irmandades chamadas «irmandades de Mareantes.» Estas irmandades eran algo e así como refuxio nos días de temporal, n'elas falábanse e acordábanse leises pra dispoñer das peixerías, propoñíanse as mellores artes pra aumentare a cantidade de peixe pra distribuílo nos mercados de Galicia e León. Eles, os pescadores, eran os que facían as vendas pol-as feiras e dábanlle ô mestre d'a embarcación o produto da venda tendo que deixar un pequeno estipendio a favor da irmandade á que pertencera.

Foron facéndose donos de estas irmandades, xentes alleas á profesión do mar, estes tomaron forte dominio, e deixando, deixando, atópanse agora, con que por non tere, non teñen quen os defenda e ampare, nin siquera teñen dereito a eisixir ôs representantes en cortes que os defenda n-unha causa xusta ou percisa, pra mellorar o seu

vivire—pouco d'envexar por certo—e o dereito a medrar por mor do seu traballo.

Esta afirmazón, fágoa, porque se estudádes os censos eleutorales, veríades cantos homes de mar figuran n'eles pra ter dereito ô sufraxio, e sendo e así, ¿já quén van á recramar a súa defensión?

Eisiste unha «Xunta de Navegazón e Pesca» coma todo o do Estado español: Centralista, sin representantes xenuinos da crás traballadora, de ténicos que fan unha sesión ô ano e na que non se ocupan das custións da peixería que sabe todo o mundo que é a primeira ou das primeiras riquezas de Galicia e aínda do Estado español.

Fanse xa os preparativos pra faguer unha xuntanza de homes de mar. Faranse xuntanzas en todos os portos de Galicia, pra pedire nas próximas Cortes o dereito a ter un diputado pol-as provincias marítimas das diferentes rexións do litoral galego d'España.

## PINTORES D'ALMAS

## BELLO PIÑEIRO

Os seus paisaxes gallegos  
teñen olidos de fiunchos,  
como si os vales que pinta  
fosen un meigo escõxuro.  
Y-entr'a fraga do Arrueiro,  
batida dos ventos lurpios,  
y-entr'o Casal de Boado,  
homildiño e sin rebumbios,  
parece que sonan longos  
aturuxos,  
e parece que s'escoitan  
alalalaas a barullo  
nas horas tristes  
do lusco e fusco,  
cand'o asosego dos campos  
vai en busca de refuxio  
e vai, quediño, a esconderse  
no rebuldar dos marmullos,  
méntral os mozos abouxan  
os eidos da comarca a forza de urros.

Nos verdores dos seus lenzos  
o coor y-a lus andan xuntos,  
con troulas de craridades  
y-alumeos de fachuzos  
que brincan por entr'as follas  
y-enredan por entr'os xuncos,  
coma estrofas do silencio  
sempre mudo.

Os paisaxes aldeanos  
que ofrece nos seus estudos  
son os poemas da campía,

son coma os himnos do trunfo  
da terra sofrida e mansa,  
da terra dos infertunios  
que escomeza a espreguizarse  
y-a dar pulos,  
cobizosa  
dos seus destinos futuros  
que han de chegar nas rayolas  
do seu arte gregorioso e sin refugos.

Piñeiros do Promontoiro,  
fortes, altos e barudos,  
estrevidos coma poucos,  
lanzaes coma ningunos,  
ceibadores sosegados  
de recendentes arumios,  
erguidos mesmo didiante  
da veira-mar, n'un curuto  
que tén ôs seus pes a ría  
formando un meigo currunchio;  
vós sodes sempre o arromedo  
recho e rudo  
d'esta baril raza nosa  
que se dorme ôs seus arrulos.  
Quen vos d'eu color e vida  
de conxunto  
tamén soupo  
darvos alma en acugulo.  
¡Todo canto dá un artista  
que pensa solasmentes nos seus trunfos!

ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.

O rexionalismo na terra, tomou e vai tomando gran forza como é lóxico e natural n'esta xornada de renovación mundial. Fágase tamén o rexionalismo do mar, xa que tan necesitados están de melloras os homes que tanto sofren loitando c'os elementos físicos, loitando c'a vida arrastrada que levan, e esquencidos de todós, esperan c'os brazos en crus que haxa quen pida por eles, pra que sexan considerados coma cibdadás os que hastra o de agora foron considerados coma escravos.

Pensade n'eles, faládeos, escoitádeos, é veredes coma son engañados como os indios cando cambeaban o ouro virxen, por anacos de vidro vulgare.

O deixar tantos miles d'homes que en Galicia estan desatendidos, é un cárrego d'a concencia, d'os que loitan pol-a cibdadanía d'os labregos, deixando no desamparo ôs traballadores d'o mar que tan necesitados están d'os seus dereitos cibdadás.

B. VARELA.

**Pregamos ôs nosos lectores disimulen a tardanza da saída do boletín n-este mes, mais xa decataranse do moito traballo que pesa sobor de nós.**

**Tardanza que correxírase axiña.**

## Peneirando...

**R**AHOLA, o ilustre tribuno catalán, tena outa virtude d'erguer tempestaes de portestas en cantos mitíns aitúa. E il acostumado ô parecer á somellantes gabanzas, surrise.

Perguntámoslle a caosa de tales algairadas, e dixonos qu'ô non sabía. Nós tam pouco.

Soupô en troques Picorete cando ô termiñare de falar Rahola no mitin do Teatro, eisgramóu ¡...coorete! á unhos *da corda*: ¡Reporra, ista *raiola* vai dare lus d'abondo ás nosas porcadas!

\*\*\*

Lêse en grandes cartelóns pol-as rúas, qu'os redatores d'*El Noroeste* son os redatores do novo xornal *El Orzan*. E unha acraçón que fan ô pobo, porque xa é sabido que na Galicia, pra prumas, as qu'hoxe henchén o *Orzan*. N'hai outros, son as úneças.

Pro quiridiños, non confundan, que non son prumas, sinon pelouros como vostedes comprenderán, as cousas que fan falla pra enchel o noso *mar cantareiro*. E iso iría ga-

nando no seu favore o autore do proieito de o secare i eistendel-a cibdade por aquela veira.



En Santiago celebróuse uuha xuntanza de persoas *ben*, pra tratare de nomear un candidato, e nomearon *¡vade retrol!*, á un xenro de García Prieto qu'é castelán e chámanlle Vicuña,

O de Vicuña, pase, pois non imos a reparar na cras do pano, mais o de castelán que non pase pol-o menos pol-o qu'a nós toca, pois n'iste movimento rexionalista débese tere moi en conta aquil adaxio de Castela: ¡Cada mochuelo a su olivo!



Os xornaes da Galicia ô dare conta da chegada dos candidatos ôs pobos que teñen mentes de repersentar nas próisimas Cortes, non cansan de decire que foron recibidos pol-as persoas mais salentes do distrito.

Sacáronnos de dúbidas e dixeron o certo sin se decataren. ¡Non han de sere os mais *salentes* os qu'atópanse á dous pasos de qu'os leve o diaño?



*La Voz de Galicia* ou A Voz de García Prieto, millor dito, non termina d'atopar un xeito comenente na política aitual.

Arrima a brasa á sardiña, mais porcamente, noxentamente, sin que llo agradezan os amigos nin llo teñan á mal os enemigos.

Fai com'os cans famentos que non teñen dono e achéganse á todos amostrand'ôs dentes anunzando que morden, mais abaland'o o rabo en senso d'amistade pra desvirtual-a fereza que non teñen.

E os tapuxos e as componendas non son froita d'istos tempos de sinceiridades. Nós queremos n'ista loita, ou nobleza ou taniscos.

Por mais qu'a *La Voz de Galicia* ô paso que vai, parécenos que vai ficar até sin inxivas.



O direitor do novo xornal da Cruña, levóu trais de sí á todo o persoal que tiña ás suas ordens no outro xornal que non é novo.

Pol-o visto xuntóunos a todos en amigabre xuntanza, e ô lles preguntare si o siguián, contestáronlle todos:—¡Contigo, *pan* e cebola!


O do *pan* non nos parece mal, mais o *cebola*, enxerguemos que non se decataron de que trai bágoas ôs ollos.

¡E as bágoas, nin de ledicia son boas...!



O que leva a aguillada ou vara na Estrada (Pontevedra), telegrafíou á *La Voz de Galicia* o qu'acontecera no mitin rexionalista de dita cibdade, onde aumentóu o dos pitos, os morras, e o nome de *mitin catalanista*.

¡Probiño, compadecémol-o! No próisimo troque de papés na vida galega, xa sabemos do que lle toca de tirare d'aquela si agora leva a aguillada: ¡do carro!



Na administración d'A NOSA TERRA temos á venda o libro de poesías DA TERRA ASOBALLADA de Ramón Cabanillas. Prezo 1'50 pesetas.

LIT. E IMP. ROEL.-CORUÑA.

## Cando vosté percise o SELLO YER

non pida xamais un *sello* pr' o DÔR DE CABEZA, porqu' eisí quen llo venda, fica en liberdade de darlle calquer *sustituto ou imitazón*, razón pol-a qu' en moitos casos non daránlle o único e lexítimo SELLO YER, e sí outro calquera, cuíos efectos seran sin valore, e non donaránlle o alivio que percisa.

*Pida, eisixa vosté sempre o*

## SELLO YER

que cura coma non hai porparado qu' o asomelle o DÔR DE CABEZA, DÔRES REUMATICOS, GRIPPE, DÔR DE MOAS E DE OUVIDOS e toda cras de dôres nerviosos.

Caixa co-un sello, soio costa 30 CÉNTIMOS.

Caixa co-unha ducia de sellos, 3 PESETAS.

DE VENDA EN TODAL-AS FARMACIAS E DROGUERÍAS

Faise cârrego de toda cras de traballos gráficos, en imprenta, litografía e fotograbado, así coma sellos de caucho

### A Papeleira Galega

FÁBRICA DE BOLSAS DE PAPEL DE TODAS CRAS FOTOGABADO

BARRERA, 7

A CRUÑA

Teléf. 434

NOVO LIBRO

Da Terra asoballada

POESÍAS

DE

Ramón Cabanillas



De venda en todal-as librerías e na administración d'A Nosa Terra.

Prezo: 1'50 ptas.

FRÁBICA MECÁNICA :-: DE CALZADO :-:

— DE —

ANXEL SENRA

RÚA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Grande, 15

A CRUÑA

**FILLOS DE A. BARCELÓ (S. en C.)**

**MÁLAGA**

Cosecheiros, esportadores de viños seleitos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sona chamadas

**ANÍS DOUS MONOS**

**RON LA LUCÍE**

**OXÉN SUPERFINO**

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

**Automovilistas:**

As mais fortes, millores e mais económicas cubertas, son as

**PALMER**

Depósito xeneral en Galicia.

Real, 20 -- A Cruña

**BALDOMIR**

Pòrase axiña a venda unha nova colección de melodías inspiradas en poesías de Rosalía, Curros, Cabanillas e Rey Soto.

**LABREGOS:**

Si queredes encoutar a peste das patacas, vacelos (vides), hortalizas, etc., e dobrar a colleita d'aqueles productos, empregade o **SULFATO DE COBRE**

Pedide prezos e condicións ós

**Grandes Almacés de Ferrería, Vidros e Pinturas**

DE

**Romero Hermanos**

Concepción Arenal, 1 e 3; Iglesia, 90 e 92, e Canalejas, 77

**FERROL**

**H. LA PALOMA**

DE

**Ramón Morandeira**

Este espréndido establecemento, situado no mais céntrico da poboación, axeitado á outura dos millores da súa cras, conta con espazosas e aireadas habitazons, boa e abundante mesa, un servizo puntual i esmerado, e asistencia facultativa pol-o enxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 - Santiago

**LEUTORES:**

Quen queira ter un traxe bóo e xeitoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ó faga na xastaría de

**Xosé Varela**

**CIRCO, 16-BAIXO - VIGO**

**FÁBRICA DE BISELAR, GRABAR E DECORAR CRISTAL**

—><—

Espellos de Venecia e de tocador, lisos e biselados.

Rótulos grabados e vidreiras artísticas.

Lúas de grandes tamaños e grosuras.

Vidros impresos e de total-as cras.

Baldosas pra pisos.

**Narciso F. Pereira**

ORZAN, 76 E SOCORRO, 37 E 39

**A CRUÑA**

**Farmacia da Silva**

PATENTES NAZONALES I-ESTRANXEIRAS

SURTIDO COMPRETO

Silva -- A Cruña

Os esquisitos **VIÑOS** do

**VALLE DE MONTERREY - Ourense**

véndense no Rego d'Auga, 44

Probádeo, os que gustedes d'un bon viño de mesa.


**NAZONALISMO GALLEGO**

A NOSA AFIRMACION REXIONAL

(2.<sup>a</sup> EDICION)

Libriño ben imprentado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuíños e opinións de Rodrigo Sanz Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., por Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos. — Os pedidos faránse ó autore, no Rego d'Auga, 4-1.º — Cruña. — Os suscritores d'este boletín poderán adquirilo á metade do prezo sinalado.



**COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE**

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA

**LINHA DE HABANA E VERACRUS**

|                                      |              |
|--------------------------------------|--------------|
| Prezo en terceira á Habana . . . . . | Ptas. 298'60 |
| » » Veracrús. . . . .                | » 313'60     |

Facilitanse billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba pol-o prezo de Ptas. 35.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída, precios do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

**D. Nicandro Fariña**

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA. — Quedan sin efecto total-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.